

### ÁMBITO

Localidade	Vilanova de Arousa
Comarca	O Salnés
Lugar de realización	Local do BNG de Cambados

### ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	8
Nº de non militantes asistentes	
Nº de militantes convocad@s	

### DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

*Persoas a cargo das que recae a explicación do proceso*

A nivel local	Carmela Alfonso
Representante do Consello Nacional	Manolo Domínguez, responsábel comarcal

### NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	2,30 h.
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	Coloquio, anotando conclusións nun mural de papel.

### VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

*Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.*

Bo nivel de participación e coloquio, pois todas as persoas fixeron achegas, en bo ambiente e distendido.

### PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posíbeis):

Con carácter xeral:

## PROPOSTAS PARA O DEBATE

### **Radiografía da Galiza de hoxe**

- Hai un desmantelamento xeralizado, tanto de sectores públicos como mesmo dos sectores produtivos, acompañado dunha progresiva substitución de produtos propios por foráneos (ás veces con competencia desleal, ao proceder de territorios con menos controis).
- Baixa rendibilidade dos produtos agrarios, con moi escasas fommación e orientación á planificación agraria.
- Un dos maiores problemas é a emigración da mocidade, especialmente da máis formada.
- Perda de poboación no rural cara vilas e cidades (especialmente nas comarcas do interior).
- Nefasta reforestación de terras agrarias, sobre todo para especies de crecemento rápido.
- Pouca conciencia nacional, con escasa valoración para as nosas creación e patrimonio culturais, incluíndo a lingua.

### **Estratexia política do nacionalismo galego**

- Sen deixar de defender a lingua, evitar que esta defensa eclipse o resto das nosas reclamacións.
- Poñer en valor a relación do galego co portugués, e a súa vantaxe para achegarse a un mundo de centos de millóns de falantes.
- Comunicar e poñer en valores feitos realizados nos ámbitos onde gobernamos.
- Máis achegamento e contacto coa poboación local (incluíndo os cargos locais), explicando liñas e proxectos.

### **Participación política e modelo organizativo**

- Apúntase como necesidade a transformación nun partido único, ou cando menos na simplificación de siglas, se ben non houbo consenso neste tema.
- Escoller como cabezas de lista (en futuros procesos eleitorais) a figuras representativas, con bo coñecemento por parte do público.